

Resolución da Oficialía Mayor do Parlamento de Galicia sobre a designación das persoas que compoñen a mesa electoral das eleccións á xunta de persoal 2023

Con data 10/03/2023 a organización sindical Central Sindical independente y de Funcionarios (CSIF) presentou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito de promoción de eleccións sindicais para o persoal funcionario do Parlamento de Galicia, na que fixa como data de inicio do proceso electoral o 12 de abril de 2023 para os efectos de que as eleccións teñan lugar no mes de maio de 2023.

A Mesa do Parlamento na sesión do día 20 de marzo de 2023 adoptou o acordo de tomar coñecemento da antedita convocatoria e instar a que se leven a cabo as actuación e publicacións previstas nos artigos 4 e seguintes das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por Acordo de Mesa do 5 de xuño de 2006 (BOPG 156 do 8 de xuño de 2006).

En cumprimento do anterior, o 21 de marzo de 2023 foi publicado no BOPG o escrito de promoción referido e foi exposto no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria, onde permaneceu por un período de 12 días hábiles.

Unha vez transcorrido ese período, compre dar traslado do escrito de promoción ao persoal funcionario que debe constituir a mesa electoral.

Segundo o disposto no artigo 6 das Normas reguladoras: *A mesa electoral estará constituída polo presidenta ou a presidenta, que será o funcionario ou a funcionaria de mais antigüidade, de acordo co tempo de servizos recoñecido, e dous vogais, que serán os funcionarios ou as funcionarias de maior e menor idade de entre os incluídos no censo correspondente, e o de menor idade actuará como secretario. Designaranse suplentes a aqueles funcionarios que, á súa vez, sigan aos titulares da mesa electoral na orde indicada de antigüidade ou idade*

Consultados os datos referidos á idade e antigüidade do persoal funcionario desta Administración, désígnanse para formar parte da mesa electoral deste proceso ás seguintes persoas:

TITULARES

Presidenta: María Teresa Morandeira Reboredo

Vogal 1: Francisco Javier Freire González

Vogal 2 e secretaria: Iria Pereira Louzao



SUPLENTES

Presidente: Carlos Díaz Abraira

Vogal 1: Manuel Fernández Andrade

Vogal 2 e secretario: Cristian Pernas Rubal

A mesa electoral constituirase formalmente, mediante acta outorgada para tal efecto, o 12 de abril de 2023, data fixada polos promotores na súa comunicación, que será a data do inicio do proceso electoral.

Segundo o artigo 8.2 das Normas reguladoras, os cargos de presidente ou presidenta, vogal e secretario ou secretaria da mesa electoral son irrenunciabes. Se calquera das persoas designadas estivese imposibilitada para concorrer ao desempeño do seu cargo, deberallo comunicar ao letrado oficial maior, antes da data determinada para a constitución da mesa electoral, coa suficiente antelación que permita a súa substitución por unha persoa suplente.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

O letrado Oficial Maior